

RESUMO RDL 12/2022 POLO QUE SE MODIFICA A LEI 55/2003 DO ESTATUTO MARCO

SE MODIFICA EL ARTÍCULO 9. PERSONAL ESTATUTARIO TEMPORAL.

Os nomeamentos de persoal estatutario temporal SERÁN DE INTERINIDADE nos seguintes supostos e condicións:

- a. Existencia de praza vacante, durante un prazo máximo de **tres anos**.
- b. Execución de programas de carácter temporal, que **non poderán ter unha duración superior a tres anos**.
- c. Exceso ou acumulación de tarefas, por un prazo máximo **de nove meses, dentro dun período de dezaoto meses**.

Nos casos contemplados nos parágrafos b) e c), cumpridos os prazos e condicións que neles expónse e no caso de que fose necesaria a realización de novos nomeamentos, tramitarase a creación dunha praza estrutural no persoal do centro. Naqueles servizos ou unidades en que se efectúe este tipo de nomeamentos e non se cre unha nova praza superados os prazos establecidos en cada caso, non poderá facerse un novo nomeamento pola mesma causa nun período de dous anos.

ENGÁDENSE Os ARTIGOS 9 BIS, 9 TER E 9 QUATER.

Artigo 9 bis. Persoal estatutario substituto.

1. Poderase nomear persoal estatutario substituto nos seguintes supostos e condicións:
 - a) **Substitución**, que se expedirá, cando resulte necesario para atender as funcións de persoal fixo ou temporal, durante os períodos de vacacións, permisos, dispensas (engádese) e demais ausencias de carácter temporal que comporten a reserva de praza.
 - b) **Substitución parcial** vinculado á cobertura de exención de gardas, durante un prazo máximo de 3 anos.
 - c) **Redución da xornada** ordinaria de persoal estatutario, identificando á persoa ou persoas concretas a quen se complementa a xornada (poden substituír máis dunha

redución).

Artigo 9 ter. Réxime aplicable ao persoal estatutario temporal e substituto.

Ao persoal definido nos artigos 9 e 9 bis seralle aplicable o réxime xeral do persoal estatutario fixo, salvo aqueles dereitos inherentes á condición de persoal estatutario fixo.

Artigo 9 quater. Medidas dirixidas ao control da temporalidade.

MODIFÍCASE O ARTIGO 33. SELECCIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO TEMPORAL.

Principais Novidades deste artigo:

1. O nomeamento derivado destes procedementos de selección en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de estatutario fixo.
2. As prazas desempeñadas por persoal estatutario interino deberán ser obxecto de cobertura inmediata mediante calquera dos mecanismos de provisión ou mobilidade previstos na normativa de cada Administración sanitaria. A cobertura da praza conleva o cesamento do persoal estatutario interino que viña desempeñándoa.
3. Período de Proba. A non superación do período de proba obedecerá a motivos razoados, e comunicarase por escrito ao interesado. Estará exento do período de proba quen xa o superou con ocasión dun anterior nomeamento temporal para a realización **de funcións das mesmas características no Sistema Nacional de Saúde** (antes no mesmo servizo de saúde) nos dous anos anteriores á expedición do novo nomeamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. PROCESO DE NEGOCIACIÓN SINDICAL PARA A ACTUALIZACIÓN DO EM DO PERSOAL ESTATUTARIO DOS SERVIZOS DE SAÚDE.

Tal e como establecen os artigos 10 e 11 do Estatuto Marco, o Ministerio de Sanidade, dentro do ámbito de negociación con coñecemento da Comisión de Recursos Humanos no seu labor de planificación, iniciará no prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto-lei un proceso de negociación sindical para a actualización do Estatuto Marco. Este proceso negociador deberá concluír no prazo de seis meses, que poderá ser prorrogable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. ADECUACIÓN DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DE RECURSOS HUMANOS.

As Administracións sanitarias adecuarán os seus sistemas de información de recursos humanos á nova categorización do persoal estatutario que resulta deste real decreto-lei, no prazo de catro meses desde a súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. EFECTOS.

As previsións contidas neste real decreto-lei serán de aplicación unicamente respecto do persoal estatutario temporal nomeado ou contratado con posterioridade á súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. ÓRGANOS DE SELECCIÓN NOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN. NON NEGOCIADA COS SINDICATOS

Nos procesos de estabilización do persoal estatutario dos servizos de saúde que leven a cabo en aplicación das disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, o órgano de selección designado pola administración convocante poderá ser único, por subgrupos de clasificación, para as distintas categorías estatutarias obxecto de convocatoria, sen prexuízo de que poida estar asesorado, se así se precisase, por especialistas nas correspondentes categorías.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. ENTRADA EN VIGOR. A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no "Boletín Oficial do Estado". O 7 de xullo de 2022.